

# Contrato de custodia, administración e intermediación de valores.

O Banco ten o seu domicilio social en Bilbao, Praza de San Nicolás, n.º 4 e está inscrito no Rexistro Mercantil de Biscaia no Tomo 2083, Libro 1545, Sección 3.ª, Folla 14741 e no Rexistro de Entidades de Banco de España co número 0182, sendo unha entidade habilitada para a prestación dos servizos de investimento obxecto deste contrato.

Está suxeita a supervisión do Banco de España (rúa Alcalá, n.º 48, 28014 Madrid) e da Comisión Nacional do Mercado de Valores (rúa Edison, n.º 4, 28006 Madrid).

## CONDICIÓN

### Primeira.- Natureza e obxecto. Obrigas do banco.

- 1.1. O contrato ten carácter solidario, o que significa que os dereitos e obrigas derivados del, así como aqueles derivados dos instrumentos financeiros custodiados e/ou cuxa execución se instrúa ao seu abeiro, lle poden ser esixidos a calquera dos seus titulares ou pode exercelos calquera deles na súa totalidade (en particular en materia de ordes sobre valores). Para a extinción do contrato esixirase o acordo de todos eles.
- 1.2. No caso de custodia de títulos físicos, o Banco gardaraos nas súas propias caixas ou ben nas de terceiros que indique e levará a súa administración.
- 1.3. Respecto da Administración, o Banco cobrará as cantidades correspondentes aos títulos, dividendos, xuros e cupóns, comprobará as numeracións dos sorteos de amortización e comunicará ao Titular as notificacións recibidas dos emisores dos valores depositados e tramitará, no seu caso, a inscrición no rexistro contable.

Así mesmo, a non ser que o Investidor comunicase previamente ao Banco instrucións noutro sentido, o Banco procederá ás conversións e/ou trocos, tramitará a venda dos dereitos de subscripción preferente non exercitados antes do momento do seu decaemento, procederá ao exercicio dos dereitos de asignación gratuíta, no caso de ampliacións de capital liberadas, subscribindo os Instrumentos Financeiros que correspondan e tramitando a venda dos dereitos sobrantes, acudirá ás ofertas públicas de valores para a súa exclusión, e atenderá o pagamento dos dividendos pasivos pendentes con cargo á Conta asociada; todo isto antes de que finalicen os prazos comunicados polos emisores. Se o Banco tivese que realizar algunha destas actuacións, o investidor manifesta que o Banco se limita exclusivamente á simple execución e que se realiza pola súa solicitude, polo cal o Banco infórmao de que non está obrigado a avaliar os coñecementos e experiencias do investidor nin a valorar se este resulta ou non conveniente para el. E, polo tanto, o Investidor non goza da protección establecida na Normativa Reguladora do Mercado de Valores aplicable.

- 1.4. En canto á Intermediación: o Banco recibirá ordes do Titular e executaraas nos termos descritos neste contrato.

- 1.5. Para a operativa relacionada con ordes relativas a valores denominados en moeda distinta ao EURO, prestarase polo Banco o servizo auxiliar de cambio de divisas.
- 1.6. Este contrato supón un poder ao Banco para realizar os actos mencionados anteriormente fronte a calquera.
- 1.7. O Titular ten dereito a coñecer que o Banco percibe incentivos de terceiros.

Os devanditos incentivos son os honorarios, comisións ou beneficios monetarios ou non monetarios que o Banco recibe dun terceiro como consecuencia dos investimentos que o titular realiza nesta conta ou que se custodian nela. Na información precontractual de cada instrumento indícaráselle o incentivo que percibirá o Banco. Tamén poderemos percibir beneficios non monetarios menores, que son beneficios que consisten, entre outros, en:

- i. información ou documentación relativa a un instrumento financeiro ou un servizo de investimento, de índole xenérica ou personalizada, para reflectir as circunstancias dun determinado cliente;
- ii. materiais escritos de terceiros encargados e aboados por un emisor ou un posible emisor para promover unha nova emisión pola sociedade en cuestión;
- iii. a participación en conferencias, seminarios ou outras actividades de formación sobre os beneficios e características dun determinado instrumento financeiro ou servizo de investimento;
- iv. os gastos de representación razoable dun escaso valor, como as axudas de custo durante unha reunión empresarial ou unha conferencia, seminario ou outra actividade de formación.

Estes incentivos son concibidos para mellorar a calidade do servizo prestado e non prexudican o cumprimento da nosa obriga de actuar con honestidade, imparcialidade e profesionalidade, no seu mellor interese.

Será informado anualmente destes incentivos de acordo co previsto na cláusula 4.4.

Tamén poderemos percibir beneficios non monetarios menores.

- 1.8. Cómpre que o cliente teña contratada unha conta corrente para o mantemento desta relación contractual. O custo da devandita conta, cando se empregue exclusivamente como conta vinculada, e as demais condicións desta figuran no correspondente contrato.

## Segunda. Como se pode formalizar este contrato

- 2.1. O titular poderá formalizar este contrato ben nunha oficina de BBVA, ben a través das canles que o Banco teña dispoñibles en cada momento para este servizo.
- 2.2. No suposto de que o contrato se formalice nunha oficina, entrará en vigor na data e hora en que o Titular e, de ser o caso, o resto dos titulares, asine a documentación.
- 2.3. No caso de contratación a través de sinatura diferida, será de aplicación o previsto na cláusula décimo sexta.

## Terceira. Obrigas do titular

- 3.1. O contrato ten carácter retribuído, de modo que o Banco poderá cobrar as comisións previstas no folleto de Tarifas máximas de comisións, condicións e gastos repercutibles do banco comunicada á Comisión Nacional do Mercado de Valores (a Tarifa), que o Titular ten ao seu dispor nas oficinas do Banco e na web [www.bbva.es](http://www.bbva.es)
- 3.2. Na Conta Asociada anotaranse os aboamentos e cargos derivados deste contrato; todos os Titulares poderán modificar a devandita conta, comunicándollo conxuntamente e sempre que estea aberta a nome de, polo menos, un deles.

En caso de saldos debedores na conta asociada, o Banco poñerá en coñecemento do titular para que aboe os devanditos saldos nunha semana desde a recepción da comunicación.

Se logo de transcorrer o prazo o titular non regularizase o saldo debedor, o Banco, sen prexuízo da condición sétima, poderá:

- a. Vender valores da conta seguindo esta orde: títulos de renda variable de maior a menor capitalización bolsista, títulos de débeda pública cotizados no mercado de débeda pública nacional (de maior volume medio diario negociado a menor), títulos de renda variable cotizados en bolsas internacionais (de maior a menor capitalización bolsista) e para o resto de valores non contemplados anteriormente, segundo a seguinte orde: warrants, derivados de renda fixa e variable, títulos de renda fixa cotizados en mercados internacionais, títulos de renda fixa cotizados en AIAF, sempre que o activo tivese liquidez e/ou contrapartida no mercado na data de venda, en caso contrario venderase ao seguinte valor na orde indicada.
- b. Aplicar o pagamento de calquera cantidade que lle sexa debida polo Titular para compensar a débeda.

- 3.3.** O Titular consente que cando o contrato se refira a valores negociables estranxeiros, nos que a práctica habitual permite a utilización de contas globais de valores (Contas Globais), o Banco procederá á apertura ao seu nome desas contas nas Entidades que se detallan no Anexo ao presente contrato (as Entidades).

O Banco informa ao Titular de que a utilización das Contas Globais nas Entidades pode levar a restrición temporal na dispoñibilidade, a deterioración do valor ou mesmo perda dos valores negociables do Titular ou dos dereitos derivados deses valores negociables como consecuencia dos riscos detallados ou que se detallan no anexo.

A custodia de valores e instrumentos financeiros estranxeiros, agás supostos excepcionais, non atribúe ao Titular dereito de propiedade sobre os valores e instrumentos financeiros e só reconece un dereito de crédito a favor do Titular da conta global, polo que o Titular acepta e reconece que é Titular indirecto dun dereito de crédito cuxo réxime xurídico difire substancialmente do ordenamento xurídico español.

**A posición de valores emitidos en certas xurisdicións das Entidades nas que o Banco abriu as Contas Globais, indicadas no Anexo ao presente contrato, pode á súa vez corresponderse cunha cadea de custodia na que existan máis intermediarios elixidos por esas Entidades en función da súa solidez e experiencia, e suxeitos a supervisión continua por elas. En consecuencia, os valores poderán estar depositados nas contas globais abertas nas citadas Entidades ou, en determinados casos, noutras entidades da cadea de custodia das características indicadas.**

Especificamente, o Banco informa ao Titular que naqueles supostos nos que o intermediario no que se mantén a conta global estea suxeita ao ordenamento xurídico dun Estado que non sexa membro da Unión Europea, os dereitos sobre os valores negociables dos Titulares, en materia de propiedade e insolvencia, poden ser distintos aos que lles corresponderían se estivesen suxeitos á lexislación dun Estado Membro.

- 3.4.** O titular proporcionaralle ao Banco o seu nome e apelido e/ou razón social, data de nacemento, domicilio postal, enderezo de correo electrónico, teléfono, número de identificación fiscal, así como, no caso de tratarse dunha persoa física, o identificador de maior prioridade que establecece o país da súa nacionalidade ou, no caso de tratarse de persoa xurídica, o código LEI (Legal Entity Identifier) e, de ser o caso, os mesmos datos respecto dos seus representantes.

Infórmase o titular de que, para poder xestionar esta relación contractual, así como para darlle cumprimento á normativa que estea vixente, pode ser comunicado calquera dos datos antes mencionados aos centros de negociación, empresas de servizos de investimento, emisores de valores ou os seus axentes, así como as autoridades e organismos competentes de calquera país referente aos seus investimentos.

#### **Cuarta. Obrigas de información e rexistro do Banco**

- 4.1.** O Banco informará rapidamente, en soporte duradeiro, da información esencial referente á execución das ordes que transmitise o titular. Así mesmo, remitirase un aviso, co contido e no prazo establecido pola normativa, da execución das ordes transmitidas polo Titular.
- 4.2.** O Titular poderá solicitar que se lles facilite información adicional sobre as entidades a través das que se canalizasen as operacións.
- 4.3.** Con carácter trimestral, comunicámoslle ao Titular, en soporte duradeiro, a seguinte información:
  - a. os datos de todos os instrumentos ou fondos ao final do período.
  - b. a contía de calquera beneficio devindicado ao seu favor en virtude da participación en calquera operación de finan-

ciamento de valores e a base de devindicación deste beneficio.

- c. En caso de existir algún destes supostos, indicación dos instrumentos ou fondos que foron obxecto de operacións de financiamento de valores, así como os activos tanto suxeitos coma non suxeitos, á Directiva 2014/65/UE e as súas medidas de execución, así como tamén os que estean suxeitos a acordos de garantía financeira con cambio de titularidade.
- d. indicación clara dos activos que se vexan afectados por algunhas peculiaridades no que respecta á súa propiedade.
- e. o valor de mercado ou o valor estimado, se o de mercado non está dispoñible, de todos os instrumentos depositados.

#### 4.4. O Titular recibirá do Banco unha vez ao ano a seguinte información:

- a. os incentivos percibidos por BBVA como consecuencia do servizo prestado.
- b. Información agregada sobre os honorarios e os custos e gastos relacionados cos instrumentos financeiros e os servizos prestados e os custos asociados á súa execución.
- c. os datos que estes requiren para efectuar a súa declaración fiscal.

#### 4.5. No suposto de que a súa conta inclúa posicións en instrumentos financeiros apañados ou operacións que impliquen pasivos contingentes, informaráselle cando o valor de cada instrumento se deprecie nun 10 % e, posteriormente, en múltiplos do 10 %, tal e como se estableza na normativa de aplicación. Poderemos remitirle a devandita información nun só documento referida a varios instrumentos.

### Quinta. Obriga do Banco de restitución

O Banco, no seu caso, procederá a devolver os valores cando o solicite o Titular. Se son valores representados en anotacións en conta esa restitución unicamente pode levarse a efecto a través do traspaso a outra entidade sempre e cando o Titular cumprise na súa totalidade coas obrigas asumidas polo presente Contrato e indicase a conta á que traspasalos.

### Sexta. Responsabilidade do Banco

En caso de incumprimento contractual motivado por actuación negligente do Banco, este asumirá a responsabilidade que puidese serlle esixible consonte a lexislación vixente.

### Sétima. Duración, vencemento do contrato e acordo de compensación contractual

- 7.1. O contrato páctase por tempo indefinido; calquera das partes pode resolvelo previo aviso á outra con polo menos quince días de antelación, se se trata do Titular, ou un mes no caso do Banco e cumprimento das obrigas pendentes.
- 7.2. O contrato poderá resolverse polas seguintes causas, ademais das xerais aplicables a calquera contrato con obrigas recíprocas:
  - Falta de pagamento das comisións por parte do Titular ou pola deterioración da súa cualificación crediticia por axencias dedicadas ao efecto.
  - Incumprimento da normativa aplicable en materia de prevención de branqueo de capitais ou por abuso de mercado; neste caso, a resolución poderá realizarse sen aviso previo.
  - Se non existisen valores depositados nin ningunha actividade ao abeiro do contrato ou se, durante un período de trece meses seguidos, o titular non realizase ningunha operativa sobre valores.
  - Igualmente, que o titular non acepte as novas condicións aplicables ao contrato suporá a súa resolución ao transcorrer un mes desde o día en que se comunicase ao Banco a non aceptación.

- Se a Conta de Valores ou a Conta Asociada non mantivesen un saldo suficiente para satisfacer os cargos correspondentes asociados ao contrato en cada momento en que deban efectuarse liquidacións e en caso de falsidade, incorrección ou inexactitude das declaracións realizadas polo Titular en relación co Contrato.
- Por rexeitamento por parte do Titular do Contrato de calquera das ordes cursadas ao seu abeiro e/ou por incumprimento da Normativa ou concorrencia de calquera das causas de incumprimento previstas na Normativa.

En caso de que conorra algunha das anteriores causas de Vencemento, o Banco poderá suspender temporalmente o acceso do Titular aos Centros de Negociación, e aplicar repercusión ao Titular, como mínimo, os recargos en comisións, indemnizacións compensatorias e outras penalizacións económicas establecidas polos Centros de Negociación (as "Penalizacións") e emitir a Declaración de Incumprimento do Titular (a "Declaración").

Por medio da Declaración, que o Banco remitirá ao Titular, o Banco informará ao cliente do vencemento do Contrato, o que implicará a resolución de todos e cada un dos servizos que se regulan nel e nos seus Anexos, procedendo o Banco ao Peche de Posicións, entendéndose por "Peche de Posicións" o procedemento polo cal o Banco queda expresamente facultado polo Titular para:

- tratar todas as ordes como inmediatamente canceladas, e/ou
- vender os valores e efectivos titularidade do Titular depositados en calquera conta en BBVA, e/ou
- anovar ou cancelar calquera orde, contratar por conta do Titular calquera outra orde, adoptar (ou absterse de facelo) con total discrecionalidade calquera medida no momento e na forma que BBVA considere necesario ou apropiado para cubrir, reducir ou eliminar as perdas ou responsabilidades do Banco dimanantes de calquera orde, posición ou compromisos contraídos por conta do Titular ou contraídos polo Banco seguindo as ordes do Titular fronte aos Centros de Negociación ou fronte a calquera terceiro; e/ou
- adoptar calquera outra medida, prevista ou non na Normativa, que BBVA poida considerar necesaria para facer cumprir as obrigas do Titular para con BBVA ou para con calquera terceiro en virtude deste contrato ou para protexer en calquera forma a posición de BBVA na súa actuación baixo o presente contrato.

Efectuada a Declaración, o contrato quedará resolto, perdendo en tal caso o Titular de forma definitiva o acceso aos Centros de Negociación, sen prexuízo da obriga do Titular de cumprir con todas as obrigas financeiras pendentes co Banco, cumprimento despois do cal poderá o Titular traspasar os valores que, no seu caso, permanecesen en custodia no Banco.

Sen prexuízo das facultades conferidas ao Banco na Normativa, coa resolución queda facultado expresamente para levar a cabo o Peche de Posicións do Titular. O Peche de Posicións consiste en determinar o saldo neto como consecuencia da finalización do vencemento do contrato. O devandito saldo neto será abonado ou cargado polo Banco, segundo sexa o caso, na Conta Asociada. Este acordo ten o carácter de acordo de compensación contractual de conformidade co Real Decreto-Lei 5/2005, do 11 de marzo, de Reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública (o "RDL").

- 7.3.** Unha vez finalizado o contrato, por calquera causa, o Banco poñerá os valores depositados a disposición do Titular e procederá, se fose necesario á consignación destes; en tal caso os gastos serán a cargo do Titular.

## **Oitava. Imputación de pagamentos e compensación Garantías sobre os valores**

- 8.1.** O Banco poderá imputar libremente as cantidades que o Titular reciba ou as que queden dispoñibles ao seu favor por calquera concepto, ao pagamento de calquera débeda que este manteña co Banco.
- 8.2.** BBVA ten dereito a reter e compensar os saldos, depósitos, contas do Titular con aqueles que lle sexan cargados, así como calquera gasto ou penalización en que incorrese BBVA na execución deste contrato. BBVA poderá, sen necesidade de avisar previamente, reducir ou cancelar os saldos a favor do Titular para pagar a débeda, compensando ou traspasando a cantidade necesaria a BBVA e vendendo calquera valor, dereito ou depósito, mesmo a prazo que o Titular teña co Banco, incluso se a titularidade fose conxunta cun terceiro. Se se trata dunha IIC, BBVA exercerá o dereito de reembolso ou recompra á xestora ou a quen corresponda en representación do titular. Serán por conta do titular os gastos que se ocasionen coas operacións anteriores.

O Banco poderá facer uso desta facultade sen necesidade de efectuar a Declaración, nin de que vencese ou ter que vencer o contrato con posterioridade.

O Titular reconece que as facultades outorgadas a BBVA baixo a presente cláusula pódense exercitar perante os Centros de Negociación, son irrevogables e continuarán en vigor (mesmo con carácter posterior ao vencemento do contrato) ata que o Titular cumpra todas e cada unha das súas obrigas asumidas con BBVA.

## **Novena. Intermediación. Ordes do titular e obrigas do Banco**

**9.1.** O titular transmitirá as ordes relativas aos valores de modo claro e preciso, polas canles admitidas polo Banco e sempre que o titular pactase tales canles co Banco, quen poderá esixir a súa confirmación se se efectuaron a través de medios que non permitan deixar constancia destas. En ningún caso o Banco garante o resultado das ordes que lle sexan transmitidas polo Titular.

**9.2.** O Titular debe ter en conta que algún dos instrumentos financeiros que se depositen na súa conta de valores (en concreto os emitidos por unha entidade crediticia ou unha empresa de servizo de investimento) están suxeitos aos mecanismos e poderes reforzados que a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, outorga ao Banco de España e ao Fondo de Reestruturación ordenada Bancaria en situacións de dificultade económica, de cuxo contido e consecuencias se ofrece maior grao de detalle na información precontractual do servizo.

O investimento nestes instrumentos que sexan pasivos admisibles para a recapitalización poderían estar afectados polas seguintes situacións:

- a. Redución do importe nominal ou do tipo de xuro, que podería chegar a reducirse a cero.
- b. A conversión noutro produto financeiro, como por exemplo accións ordinarias.
- c. A transmisión dos activos da entidade financeira en resolución a unha entidade ponte ou á venda dos seus activos ou negocios, limitando así a súa capacidade para cumprir coas súas obrigas de pagamento futuras.
- d. O atraso nas obrigas de pagamento da entidade en resolución ou suspensión dos seus pagamentos por un período de tempo.

Xunto co anterior, o impacto concreto que unha situación de resolución poida ter nos Instrumentos de recapitalización podería variar segundo a posición xerárquica que o seu titular teña como acredor da entidade recapitalizada, por exemplo, dependendo de se o produto é subordinado ou non. Paralelamente, pode afectar tamén á súa liquidez ou a potenciais compromisos de recompra adquiridos pola entidade.

**9.3.** O Titular autoriza ao Banco para que este poida gravar todas as conversas nas que vostede nos traslade unha orde e, ademais, terá dereito a que lle fagamos entrega dunha copia desta no prazo establecido legalmente, xa sexan telefónicas ou comunicacións electrónicas, así como a levar os rexistros correspondentes. O Titular ten dereito a solicitar copia das gravacións realizadas durante un prazo máximo de 5 anos ou, cando a autoridade competente así o solicite, durante un período de ata 7 anos.

Nos supostos nos que a transmisión de ordes sexa por teléfono as gravacións servirán como medio de proba para solucionar posibles discrepancias que puidesen xurdir entre o Titular e o Banco en relación a este contrato.

No caso no que se solicite de forma expresa a confirmación escrita ao Titular, o Banco poderá suspender a execución das instrucións telefónicas recibidas ata que se reciba a confirmación escrita da orde.

As ordes tramitadas polo Titular son firmes. Sen prexuízo disto, o Titular poderá cancelalas ou modificalas, comunicándollo ao Banco con antelación suficiente para que a execución destas poida realizarse de acordo coas novas instrucións.

Comunicámoslle a aceptación da orde, así como, no seu caso, a cancelación ou modificación desta.

**9.4.** O Banco adoptou unha política de execución de ordes co fin de obter os mellores resultados posibles para o Titular.

O Banco aprobou unha política de prevención e xestión de conflitos de interese destinada a previr e xestionar os posibles conflitos de intereses que puidesen xurdir na prestación dos servizos obxecto deste contrato. O Banco advertiralle ao Titular dos conflitos de interese que se produzan no desenvolvemento da súa actividade. Na información precontractual do servizo facilitóuselle un resumo da devandita política.

O titular está conforme en que o Banco poña á súa disposición a través da web ([www.bbva.es](http://www.bbva.es)), información resumida da política de execución e da política de prevención e xestión de conflito de interese, as cales rexen a actuación do Banco nos supostos previstos nelas. O titular pode solicitar información máis detallada sobre as devanditas políticas.

**9.5.** O Banco poderá agrupar ordes de compravenda en mercado de diferentes clientes, sempre que a lei o permita.

Para iso, dispoñemos de criterios obxectivos de distribución de operacións entre clientes que se detallan seguidamente:

- i. Que non se poida executar a totalidade da orde. Neste caso, o Banco distribuirá os instrumentos financeiros entre os clientes afectados, en función do volume da orde correspondente de cada cliente con respecto ao volume da orde agrupada.
- ii. Que os instrumentos financeiros obxecto da orde se adquiren ou transmitan a diferentes prezos. Neste caso, o Banco terá en conta para asignar os instrumentos financeiros o número identificativo que ten asignado cada cliente e a orde cronolóxica de execución aos distintos prezos. Así, ao cliente cun número identificativo menor corresponderanlle os prezos executados en primeiro lugar.

O Banco comprométese a aplicar en todo caso estes criterios. En caso de que os fósemos modificar, comunicarémollos con antelación.

**9.6. En caso de contratación de institución de investimento colectivo (IIC), o titular autoriza que o Banco lle asigne a clase de acción ou participación ou fondo clónico que se axuste ás súas circunstancias obxectivas e subxectivas, consonte o establecido no folleto da IIC e na normativa que sexa de aplicación.**

**9.7.** O Titular autoriza ao Banco, para que este efectúe, nas súas contas de efectivo e na Conta de Valores, as retencións temporais de fondos, valores e instrumentos financeiros que sexan precisas para executar a operación ordenada e a súa liquidación.

**9.8.** Uso de elementos ou servizos de mercado:

O Titular autoriza ao Banco para acudir a calquera mercado para a execución, transmisión, compensación, liquidación e rexistro dunha orde.

Aos efectos desta cláusula enténdese:

- Por “Centros de Negociación” tanto mercados regulados (ex. Bolsas de Valores), sistemas multilaterais de negociación (ex. Mercado Alternativo Bolsista), sistema organizado de contratación, entidades de contrapartida central (ex. BME Clearing, S.A.U.) e sistemas de compensación e liquidación de valores (ex. Iberclear), así como os seus membros negociadores, compensadores e liquidadores a través dos cales BBVA acceda a estes (en caso de que non acceda directamente);
- Por “normativa” a que resulte de aplicación ao titular, incluíndo o Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do mercado de valores e a súa normativa de desenvolvemento e os regulamentos UE 648/2012, do 4 xullo, e 909/2014, do 23 xullo, xunto coa súa normativa de desenvolvemento, as normas de conduta nos mercados de valores e a normativa de ordenación e disciplina propia de cada centro de negociación (en particular o Regulamento, condicións xerais, circulares e instrucións de BME Clearing, SAU); e
- Por “Valores” tanto valores negociables coma instrumentos financeiros e as posicións mantidas polo Banco ou por terceiros por conta do Titular nun Centro de Negociación desde que unha orde é cursada ata a súa liquidación.

**9.9.** Infórmase ao Titular de certos riscos relativos aos Centros de Negociación e aos distintos tipos de segregación de contas entre os que pode elixir (“ómnibus ou de contas globais”) a través de <https://www.bbva.es/sistema/meta/info-legal/reforma-mercadovalores.jsp> e en calquera oficina do Banco. O Titular neste contrato opta pola segregación en contas ómnibus ou globais de clientes.

**9.10.** O Banco poderá esixir en calquera momento ao Titular a constitución e o mantemento daquelas garantías que lle fosen requiridas polos Centros de Negociación, na contía e prazos que estime oportuno.

#### **Décima. Comunicaci3ns**

**10.1.** As comunicaci3ns e o env3o de informaci3n entre as partes derivadas deste contrato, incluída aquela informaci3n que o Banco poida considerar de interese para o titular, realizaranse no mesmo idioma no que est3 subscrito o contrato e, cando a normativa as3 o estableza, en soporte duradeiro e por calquera medio cuxa seguridade e confidencialidade estean probadas. Todo iso sen prexuízo de que as ordes telef3nicas que o titular poida dar conforme a normativa vixente en cada momento e sempre que o titular pactase co Banco esa canle e esta estivese habilitada para ese fin.

**10.2.** Estas comunicaci3ns, as3 como a informaci3n, poder3n ser facilitadas ao titular por calquera das canles habilitadas polo Banco en cada momento, isto 3, correo postal, mensaxes SMS, canles autoservizo, as3 como por medios electr3nicos tales como correo electr3nico, canle banca por Internet (a trav3s da súa 3rea persoal en equipos inform3ticos ou dispositivos m3viles [tel3fonos m3viles e tabletas]), e demais canles telem3ticas que, en cada momento, a tecnolox3a permita e o Banco teña habilitadas para estes efectos. No caso de que as comunicaci3ns se lle faciliten por medios electr3nicos, o titular pode recibir, ademais, un aviso da informaci3n por correo electr3nico nos casos en que xuridicamente sexa necesario. Tam3n poder3 o Banco efectuarlle as comunicaci3ns 3 oficina do Banco na que est3 aberta a conta de valores, salvo cando se trate de reclamaci3ns, que deber3n ser dirixidas ao Servizo de Atenci3n ao Cliente previsto neste contrato. En caso de titularidade conxunta, a comunicaci3n realizada a calquera dos titulares servir3 con respecto a todos.

**10.3.** Id3ntico criterio ao establecido no par3grafo anterior seguirase respecto das comunicaci3ns que o Banco poida efectuar ao Titular sobre os eventos financeiros (feitos relevantes, de car3cter p3blico, relativos aos instrumentos financeiros ou operaci3ns corporativas como dividendos, cup3ns e outros rendementos peri3dicos de valores, ampliaci3ns, amortizaci3ns ou reduci3ns de capital social, primas de asistencia e convocatorias de Xuntas Xerais, variaci3ns de nominal e splits, ofertas p3blicas de subscrici3n e vendas de valores de renda variable, trocos e conversi3ns de valores, etc).

**10.4.** Coa sinatura deste contrato, o titular autoriza que o Banco poida remitirlle calquera documentaci3n que deba serlle proporcionada en soporte duradeiro, por calquera dos medios de comunicaci3n que se identificaron no apartado 10.2. Esta documentaci3n incl3e, entre outras, a informaci3n peri3dica ou poscontractual do servizo. Con car3cter adicional, poder3 solicitar o env3o desta comunicaci3n mediante correspondencia postal activando esta opci3n no servizo de correspondencia virtual de Banca por Internet.

#### **D3cimo primeira. Modificaci3n das condici3ns**

BBVA poder3 modificar as condici3ns deste contrato mediante a súa comunicaci3n cun mes de antelaci3n 3 súa entrada en vigor. O titular poder3 opoñerse, o que supor3 a extinci3n do contrato. Se transcorrese o prazo do mes sen que os titulares se opuxese, entenderase que as aceptou. Se as condici3ns fosen m3is favorables para o titular, aplicaranse inmediatamente.

#### **Decimo segunda. Outras condici3ns**

**12.1.** Ao presente contrato res3ltalle aplicable a lexislaci3n espa3ola. Para todas as cuesti3ns deste contrato, ac3rdase someterse ao foro no que o Titular teña o seu domicilio segundo este contrato.

**12.2.** De acordo co previsto na Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condici3ns xerais da contrataci3n, todas as condici3ns deste contrato son condici3ns xerais.

**12.3.** O Titular asumir3 os tributos creados polas autoridades competentes, as3 como os gastos que se produzan pola constituci3n, cumprimento ou extinci3n das obrigas do contrato a excepci3n dos custos xudiciais respecto dos que se estar3 ao que indiquen os Xulgados.

**12.4.** O contrato non 3 transmisible sen consentimento do Banco por celebrarse en atenci3n 3s circunstancias persoais do Titular.

**12.5.** O contrato substit3e a calquera outro anterior co mesmo N3mero de Conta de Valores.



## Décimo terceira. Servizo de Atención ao Cliente

Ponse ao seu dispor un Servizo de atención ao cliente ao que pode dirixirse para presentar calquera queixa ou reclamación:

Servicio de Atención al Cliente

Apartado de correos 1598. 28080 Madrid

E-mail: [servicioatencioncliente@grupobbva.com](mailto:servicioatencioncliente@grupobbva.com)

Teléfono: 900 102 801

Así mesmo, pode dirixirse ao Defensor do cliente, consonte o procedemento dispoñible en calquera das oficinas de BBVA e en [www.bbva.es](http://www.bbva.es).

Oficina del Defensor del Cliente

Apartado de Correos 14460, 28080 Madrid

E-mail: [defensordelcliente@bbva.com](mailto:defensordelcliente@bbva.com).

En todo caso, antes de dirixirse ao Defensor do cliente, deberá presentar unha reclamación ao Servizo de atención ao cliente. Dispoñemos dun Regulamento para a Defensa do Cliente, ao que se pode acceder solicitándoo en calquera das nosas oficinas ou a través da web [bbva.es](http://bbva.es) nas ligazóns específicas de atención ao cliente.

Se a resposta non fose satisfactoria ou transcorrese un prazo de dous meses desde a presentación do seu escrito sen recibir resposta, poderá dirixirse a Servizo de Reclamaciones de la Comisión Nacional del Mercado de Valores na rúa Edison, n.º 4, 28006 Madrid.

O Banco non está adherido a unha xunta arbitral de consumo para a resolución de conflitos relacionados con este contrato. Pode chamar ao teléfono gratuito 900812679 para calquera incidencia ou reclamación.

## Décimo cuarta. Información básica sobre a cobertura dos depósitos

**14.1.** Conforme coa normativa do Fondo de Garantía de Depósitos, existe unha dobre cobertura: unha para depósitos e outra para valores. En ambos os dous casos o importe da garantía é dun máximo de 100.000 euros.

### 14.2. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A COBERTURA DOS DEPÓSITOS.

Os depósitos mantidos en Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. están garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos (1). Límite da cobertura: 100 000 euros por depositante e entidade de crédito (2). A seguinte denominación comercial forma parte da súa entidade de crédito: BBVA. Se ten máis depósitos na mesma entidade de crédito, todos os seus depósitos na mesma entidade de crédito súmanse e o total está suxeito ao límite de 100 000 euros (2). Se ten unha conta en participación con outra(s) persoa(s), o límite de 100 000 EUR aplícase a cada depositante por separado (3). Período de reembolso en caso de concurso da entidade de crédito: 7 días hábiles (4). Moeda en que se realiza o reembolso: euros. Contacto: calle José Ortega y Gasset, 22 - 5.ª planta, 28006 - Madrid, Teléfono +34 91 431 66 45, correo electrónico: [fogade@fgd.es](mailto:fogade@fgd.es). Para máis información: [www.fgd.es](http://www.fgd.es). Xustificante de recepción do depositante:

Información adicional:

1. Se non puidese dispoñerse dun depósito debido a que unha entidade de crédito non estea en condicións de cumprir as súas obrigas financeiras, un Sistema de Garantía de Depósitos reembolsará aos depositantes. O reembolso ascende como máximo a 100 000 EUR por entidade de crédito. Isto significa que se suman todos o seus depósitos efectuados na mesma entidade de crédito para determinar o nivel de cobertura. Se, por exemplo un depositante posúe unha conta de aforro con 90 000 EUR e unha conta corrente con 20 000 EUR, só se lle reembolsarán 100 000 EUR.
2. Límite da protección para as contas en participación.

No caso de contas en participación, o límite de 100 000 EUR aplicarase a cada depositante.

Porén, os depósitos nunha conta sobre a que teñan dereitos dúas ou máis persoas como socios ou membros dunha sociedade, unha asociación ou calquera agrupación de índole similar, sen personalidade xurídica, agréganse e trátanse como se os efectuase un depositante único a efectos do cálculo do límite de 100 000 EUR.

### 3. Reembolso.

